

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Ferrol para que na tramitación dos expedientes actúa de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Suxestión dirixida ao Concello de Ferrol para que valore proceder á revisión do expediente e, no seu caso, se valore a posibilidade de ponderación dos atrasos.

Expediente: N.9.Q/7512/22

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito, a reclamante nos indica que :

El día 4 de junio del 2018 solicitó una bonificación para el recibo del agua. Voy personalmente hasta 5 veces porque no me contestan. Me dicen que han perdido el expediente pero que sí tengo derecho a la bonificación.

Finalmente año después me conceden la bonificación. Ahora me han embargado cerca de 500€ del tiempo transcurrido en ese año sin contestar. Reclamo ese dinero, sin apenas explicaciones y con recibos incluso de años muy anteriores ya pagados en su día.

Entiendo que no han cumplido ni con los tiempos, ni los plazos ni las formas. La bonificación la concedieron un año y 3 meses después.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que xa nolo remitiu e no que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte

En data 04.06.2018, XXX, solicitou a bonificación na taxa pola prestación do servizo de suministro de auga, depuración de augas residuais e prestacións públicas non tributarias

dos servizos de lixo e sumidoiros dando lugar a apertura do expediente 19030000011591. Posteriormente o 02.04.2019 a interesada presenta un escrito no que reitera a súa petición e no que solicita a aplicación do beneficio fiscal con efecto retroactivo.

Por resolución da concelleira de Economía, Facenda e Patrimonio de 30.08.2019(BOP núm. 137 de 22.07.2019) outorgouse á interesada o beneficio fiscal solicitado co seguinte detalle:

Enderezo: XXX

Suxeito pasivo/Titular contrato: XXX

Suxeito obrigado ao pago/Beneficiario: XXX

En canto á retroactividade da aplicación do beneficio fiscal, consta no expediente o informe 30 da Tesourería Municipal que establece expresamente o seguinte:

Primeira: De conformidade co sinalado no artigo 137.1 do RD 1065/2007, se a normativa aplicable non establece a posibilidade de aplicar o beneficio fiscal de carácter rogado a períodos anteriores, os efectos do beneficio fiscal solicitado terá efectos da data na que se dicte o acto de concesión do mesmo.

Segunda: Polo tanto, toda vez que o TRLFL, nen a Ordenanza Fiscal nº 13 reguladora da taxa polo subministro de auga potable regulan a posibilidade de que o recoñecemento do beneficio fiscal extienda os seus efectos a períodos anteriores á súa solicitude, o recoñecemento de dito beneficio fiscal terá efectos dende a data na que se dicte o acto de concesión do mesmo, sen que teña efectos retroactivos e sen que, polo tanto, se teña dereito á devolución da débeda tributaria satisfeita correspondente a períodos anteriores. (Consultas Xerais da Subdirección Xeral de Tributos Locais nº 0005-13 de 11/03/2013 e 0010-13 de 29/04/2013).

TERCEIRO.- Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto na información remitida polo Concello de Ferrol, dedúcese que:

1º.- Con data 4 de xuño de 2018, a reclamante , solicitou a bonificación na taxa pola prestación do servizo de subministro de auga, depuración de augas residuais e prestacións públicas non tributarias dos servizos de lixo e sumidoiros dando lugar a apertura do expediente 19030000011591.

2º.- Con data 2 de abril de 2019 a reclamante presenta un escrito no que reitera a súa petición e no que solicita a aplicación do beneficio fiscal con efecto retroactivo.

3º.- Con data 30 de agosto de 2019, mediante resolución da concelleira de Economía, Facenda e Patrimonio outorgouse á reclamante o beneficio fiscal solicitado.

4º.- Respecto da retroactividade solicitada pola reclamante, segundo a información remitida polo concello o recoñecemento de dito beneficio fiscal terá efectos dende a data na que se dite o acto de concesión do mesmo, sen que teña efectos retroactivos e sen que, polo tanto, se teña dereito á devolución da débeda tributaria satisfeita correspondente a periodos anteriores.

Polo exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O artigo 103 da constitucion, establece que:

A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometimento pleno á lei e ao Dereito.

O principio de eficacia esixe das Administracións Públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade demanda, entre elas o deber de resolver expresamente as solicitudes e reclamacións, xa que o coñecemento da fundamentación das resolucións é presuposto inexcusable para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Unha das obrigas que derivan do dereito da cidadanía a unha boa administración concrétase na obriga de dar resposta ás solicitudes formuladas polos administrados, sen prexuízo do contido material e fundamentación xurídica que puidera ter esa contestación formal.

Esa obriga das Administracións Públicas a dar resposta expresa a cantas solicitudes presenten os administrados recóllese no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e

congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

SEGUNDA.- Xunto co principio de eficacia o de celeridade é outro dos principios que rixen no procedemento administrativo.

O principio de celeridade impón á Administración o seu impulso de oficio polo titular da unidade administrativa encargada, que debe adoitar as medidas necesarias para evitar toda anormalidade ou retraso.

A tal efecto, cómpre sinalar que a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle que o procedemento administrativo está sometido ao principio de celeridade, razón pola que impulsábase de oficio nos seus trámites e por medios electrónicos, respectando os principios de transparencia e publicidade.

No despacho, na tramitación, dos expedientes deberá gardarse a orde rigurosa de incoación en asuntos da mesma natureza, excepto que o titular da unidade administrativa ordene motivadamente o contrario, do cal deberá quedar constancia.

O incumprimento do mencionado dará lugar a responsabilidade disciplinaria do infractor, sendo causa de remoción do seu posto de traballo.

As persoas que estean designadas como órgano instructor ou os titulares das unidades administrativas que ostenten esa función, serán responsables directos no procedemento, da súa tramitación e especialmente do cumprimento dos prazos establecidos

TERCEIRA.- Respecto da retroactividade reclamada pola promotora da queixa, debemos ter en conta que:

- Segundo o informe da Tesourería Municipal, de conformidade co sinalado no artigo 137.1 do RD 1065/2007, se a normativa aplicable non establece a posibilidade de aplicar o beneficio fiscal de carácter rogado a períodos anteriores, os efectos do beneficio fiscal solicitado terá efectos da data na que se dite o acto de concesión do mesmo. Polo tanto, toda vez que nin o TRLFL, nin a Ordenanza Fiscal nº 13 reguladora da taxa polo subministro de auga potable regulan a posibilidade de que o recoñecemento do beneficio fiscal extenda os seus efectos a períodos anteriores á súa solicitude, o recoñecemento de dito beneficio fiscal terá efectos dende a data na que se dite o acto de concesión do mesmo, sen que

teña efectos retroactivos e sen que, polo tanto, se teña dereito á devolución da débeda tributaria satisfeita correspondente a períodos anteriores (Consultas Xerais da Subdirección Xeral de Tributos Locais nº 0005-13 de 11/03/2013 e 0010-13 de 29/04/2013).

- Non obstante o exposto no punto anterior, hai que ter en conta as circunstancias que, segundo o exposto pola reclamante e a información do concello, se deron neste expediente, debendo reparar no retraso e extravío do expediente, segundo expón a reclamante, no que incorre esa administración municipal, pois a primeira solicitude da reclamante é de data 4 de xuño de 2018, reiterando, en data 2 de abril de 2019, sendo o 30 de agosto de 2019, cando se lle concede o beneficio fiscal solicitado.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ferrol o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

E a seguinte

SUXESTIÓN

Se valore proceder á revisión do expediente e se comproba que a primeira solicitude presentada pola reclamante foi extraviada e non se informou á reclamante da obriga de seguir facendo os pagos ata que se resolvera a concesión da bonificación, se valore a posibilidade de ponderación dos atrasos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais e suxestión formulados, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademáis, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)